



ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS. PROFESIONAL A CORUÑA
CURSO: TODOS
MATERIA: FAGOT
DEPARTAMENTO: VENTO MADEIRA
DATA: 7 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
2. Mínimos esixibles.
3. Procedementos de avaliación e cualificación.
4. Criterios de cualificación.
5. Instrumentos de avaliación.
6. Información e publicidade.

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

O profesor, na medida do posible, propondrá aos alumnos a realización de actividades programadas, recuperacións, reforzo e repaso a través de medios electrónicos: gravacións de audio/video e/ou clases en streaming.

2. Mínimos esixibles.

- a. Todos os requisitos mínimos que se describen nas programacións para a segunda avaliación de cada curso, establécense como requisitos mínimos na terceira avaliación dos mesmos cursos.
- b. Os requisitos mínimos que se describen nas programacións para a terceira avaliación traballarase no curso seguinte no caso de non telos superado neste período.

3. Procedementos de avaliación e cualificación.

- a. Nas probas telemáticas, terase en conta a exclusión daqueles criterios de cualificación da programación referidos ás actividades realizadas en público e/ou en grupo.

4. Criterios de cualificación.

- a. A cualificación do terceiro trimestre será a mesma que o alumno obtivo no segundo trimestre sumándolle, nos casos nos que o profesor o considere, a puntuación estimada polo docente como resulta do traballo realizado polo alumnado por vía telemática, no que o máximo será de dous puntos sobre a nota do segundo trimestre.
- b. A nota final, en ningún caso poderá ser menor da nota obtida no segundo trimestre.
- c. Nos casos nos que o alumnado non poda ser avaliado de maneira continua ou non superase a materia na segunda avaliación, será convocado polo profesorado a través de CentrosNet e/ou Email unha proba telemática nos días 25, 26 e 27 de maio para súa avaliación tendo en conta os mínimos esixibles na segunda avaliación na materias correspondente.

5. Instrumentos de avaliación.

- a. Para avaliar o traballo realizado de forma electrónica, empregarase exclusivamente os mesmos instrumentos que o alumno empregou para completar as actividades propostas: gravacións de audio/video e/ou clases en streaming.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------